

EXPOSICIÓN

**INTU-
INDO**

XOSÉ LUIS ROMÁN

INTU - INDO

A **intuición** é a facultade que temos as persoas de comprender as cousas ao instante sen necesidade do razoamento. Tamén é unha especie de presentimento que nos axuda a estar preparadas para o que aconteza; e, ademais, é iso que nos permite **ver** ou **sentir** o que realmente pode agocharse tras dunha imaxe, un son ou un poema.

..las intuiciones son reacciones emotivas repentinas a determinados sucesos, percepciones o sensaciones que, como pensamientos abstractos se relacionan con las creencias e ideoloxías, no siguen un camino racional para su construción y formulación y por tanto no pueden explicarse o incluso verbalizarse.

INTU-INDO é unha visión pausada e ata certo punto optimista onde, neses espazos marcados por unha improvisación controlada, agroman imaxes como resultado de manchas e salpicaduras feitas no estoupar das cores. Cores que en pequenas pingas o azar distribúe nas teas, nos papeis e nas follas de pasta de celulosa, e danlles forma a esas tramas que reflicten o meu xeito de entender a pintura.

A mostra discorre por dous camiños; nun, un carreiro de cor, reflíctese unha cotiandade en preocupante declive, e, noutro, aparece unha visión menos amable dunha natureza presentida que nos convida a reflexionar sobre cara a onde queremos ir. Dous camiños que conflúen no desexo de atopar un espazo común nunha natureza sostible e harmónica.

Este traballo, en definitiva, é unha proposta estética coa intención de deixar fluír esas emocións e sentimentos que, a través da **intuición**, sustentan a miña relación coa arte.

Xosé Luis Román

A intuición preséntase como manifestación dun fondo latente que alicerza e interactúa coa reflexión racional, co pensar consciente e discursivo.

Tralas luces dunha razón sempre segura de si, esforzada e distinguida, seica sobrevalorada, na intuición albiscamos a presenza dun agasallo, de algo que recibimos espontánea e gratuitamente. Que se ofrece apenas expresamos a necesidade, coma xenio protector e sempre presto agochado na botella, nunha lámpada que non é preciso fretar.

Fino Lorenzo
Artista

“...me aferro a mi deseo de seguir por donde mi intuición me guíe y hasta donde mi conocimiento me justifique. El camino me llevará adonde el acierto me impulse, mi pulso me dicte y mi sueño me conmueva. Ser libre no es más que seguir por donde se desconoce...”

Kepa Murua
Editor, escritor e poeta



Fantasía



Fantasía



Pegadas



Papaventos



A ferida



Presentimento



Alameda



Lagares



Night in the forest



Crepúsculo



Cangas



Atrancos



Fiesta



Espantallo

“Tudo me é uma dança em que procuro
A posição ideal,
Seguindo o fio dum sonhar obscuro
Onde invento o real.”

Sophia de Mello Breyner

DATAS E HORARIOS

**Do 29 de novembro ao
15 de decembro de 2024**

De luns a venres, de 8 a 20 h

Sábados e festivos, de 10 a 14 h e de 16 a 19 h

Domingos, de 10 a 14 h

LUGAR

Palacete das Mendoza
Sala de exposicións
Praza de Santa María, s/n
Pontevedra



Deputación
Pontevedra

